



A Ponte Ulla, Santa María Madanela

Madanela vén do grego *Magdale-né*, que pasou ó latín eclesiástico como *Magdalena*. Trátase dun sobrenome étnico que significa ‘nativa ou proveniente de Magdala’, aldea do sur de Galilea. *Magdala* é a forma grega da hebrea *Migdal* ‘torre’.



A Ponte Ulla

Existen teorías e opiniões diversas sobre a orixe deste hidrotopónimo. Segundo Elixio Rivas, procede dun tema *Url Ul* que significa ‘auga corrente, río’, que tamén alternarían con *Ar/AI* e propón como evolución *Ul-ia>Ul-ia>Ulla*.



Santardao

Vén dunha combinación entre as formas latinas *Sanctu* e *Hadrianu*. Este último era o sobrenome dunha estirpe romana, indicador da procedencia da mesma cidade de *Hadria*, localidade italiana na beira do mar Adriático.

Pumariño

Procede do vocáculo *pomarinu* e este de *pomare* (variante de *pomale*) co diminutivo *-inu*. Pumariño é un diminutivo de *pomar* ou *pumar* que ten o significado de ‘horta con árbores froiteiras’; con este significado atopámolo en documentación antiga.

A Retorta

Procede do adjetivo latino *retorta* ‘retorcida’, participio de *retorqueo* ‘retorcer, volver cara atrás’.

Nomes de lugar coma este poden estar orixinados polas curvas que presenta o camiño ou a vía.

San Xoán da Cova

Xoán procede do hebreo *Yohanan* ou *Yehohanan*, composto por *Yoh* ou *Yah*, abreviatura de *Yah-weh* ‘Deus’ e *hanan* ‘misericordia’: ‘Deus é misericordioso’. Pasou ó grego como *Ioánnes* e ó latín como *Iohannes* e o más popular *Ioannes*. É un dos nomes más usados en occidente polos homes.



Gundián

Procede dun acusativo dun nome de posesor ou terratenente xermánico ramatado en *-a*, *(*villa*) *Gundilanem*.

A raíz **gunthi-* significa ‘loita’ e vémola en topónimos como: *Gondar*, *Guntín*, *Gundín*...



Noveledo

A orixe deste topónimo non está moi clara. Debe ser un colectivo de *noval*, e este derivado de *novus*. A palabra *noval* aparece como adjetivo para referirse ás terras que se cultivan de novo ou por primeira vez e como substantivo significa, déxico destas terras que se paba antigamente. Por outra parte o sufijo *-edo<-etu* é propio de substantivos abundanciais, xeralmente de lugar.



A Ramalleira

Este nome de lugar derivado de *ramalla*, co sufijo latino *-aria*, ten como tema de orixe a palabra latina *ramu*, ‘pola’

Ten un significado colectivo e probablemente se refire a lugares frondosos nos cales se aproveita a derrama das árbores como leña para o



O Figueiredo

Este topónimo procede do latín *ficaria* ‘figueira’ máis o sufijo *-etu*, que normalmente indica formacións ou conjuntos vexetais.



Caldelas

Este topónimo, diminutivo de *caldas*, procede do adjetivo latino *calidus* aplicado a *aquae* ‘aguas minerais, termais, quentes’ e máis o diminutivo *-elas*.

Reboreda

Este topónimo procede do latín *roboretu* ‘reboleira, lugar poboados de rebolos’ e este á súa vez de *robore* ‘carballo’. Esta última forma latina dá en castelán *roble*. En épocas antigas significaba un pequeno lugar abundante en *rebolos*, unha variedade de carbais, , áñda que nalgúns zona de Galicia tamén recibe este nome o carballo novo.



Vista Alegre

Fernando Cabeza Quiles encadra este e outros topónimos no grupo daqueles que ofrecen unha fermosa vista, ás veces desde unha posición elevada. Tamén comenta que presenta unha forma clara e transparente. Non ten antecesor latino e probablemente naceu dende o romance.

O Castro

A orixe deste topónimo atopámola na forma latina *castru* ‘fortificación’.

Este nome de lugar está relacionado coa existencia dun antigo asentamento celta nas súas terras. Os asentamentos estaban situados en pequenos outeiros e eran construcións circulares ou ovais, fortificados con varios muros que teñen a mesma forma.